

1 Creando elementos DOM

Os autores de jQuery co emprego de `$()` (alias de `jQuery()`) conseguiron facer unha función o suficientemente flexible para realizar moitas das tarefas que vimos ata agora.

Pero imos a explicar unha nova función de `$()`, que é a creación de novos obxectos DOM en execución. Para elo simplemente teremos que pasarlle á función o código html para os novos elementos.

Exemplo:

```
$("#<p>Hola a todos!</p>")
```

Vexamos un exemplo máis completo:

```
<html>
  <head>
    <title>Saudos a todos!</title>
    <script type="text/javascript" src="../scripts/jquery-1.2.js">
    </script>
    <script type="text/javascript">
      $(function(){
        $("#<p>Hola a todos!</p>").insertAfter("#seguinte");
      });
    </script>
  </head>
  <body>
    <p id="seguinte">E Benvidos ó curso!</p>
  </body>
</html>
```

No exemplo anterior vemos que a función creará un novo párrafo xusto despois do obxecto con ID `seguinte`, neste caso do párrafo con ID `seguinte`.